




OFERTA RENOVADA DE TITULACIÓN

ADAPTADAS AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR (EEES)



GRAO EN CIENCIAS DA CULTURA E DIFUSIÓN CULTURAL
GRAO EN LINGUA E LITERATURA ESPAÑOLAS
MÁSTER EN SERVIZOS CULTURALS



FACULTADE DE
HUMANIDADES

CAMPUS DE LUGO

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



GRAO EN CIENCIAS DA CULTURA E DIFUSIÓN CULTURAL

Esta nova titulación busca establecer a conexión formativa entre dous ámbitos académicos e profesionais: os **estudios humanísticos** e a **comunicación audiovisual**.

Seguindo a tendencia (consolidada xa tanto en España como en Europa) a combinar nun mesmo título contidos que poidan ser complementarios na formación de persoas capacitadas para inserirse laboralmente na sociedade actual, a oferta académica do **Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural** consta dunha **formación humanística** interdisciplinar e xeneralista completada cunha **orientación profesional** nos ámbitos da produción, xestión e difusión cultural, que constitúen un crecente e prometedor sector dentro do campo da “industria da cultura”.

A estrutura xeral deste Grao responde igualmente ás directrices do novo sistema de estudo universitario, coas correspondentes vantaxes para o estudantado e as seguintes características xerais:

- Estrutura en 4 cursos.
- Todas as materias son cuatrimestrais.
- Docencia cun enfoque moito máis práctico na que as sesións dedicadas a actividades de interacción entre alumno e docente chegan ata o 50% das horas presenciais en aula.

- Desenvolvemento das capacidades de autoaprendizaxe do alumno, incentivando o traballo autónomo do alumno.
- Homologación do título dentro do EEES coa implantación do sistema de créditos europeos (ECTS), etc.
- A formación básica cúrsase o primeiro ano, acadando 60 créditos.
- A formación humanística obrigatoria supón 78 créditos.
- A formación específica en Produción, Xestión e Difusión Cultural obrigatoria cubre 60 créditos
- A oferta optativa supón cursar 36 créditos a elixir entre materias de formación humanística e de formación específica.

O plano de estudos do **Grao en Ciencias da Cultura e Difusión cultural** ten a seguinte distribución dos seus créditos ECTS.

Tipos de materia	Créditos
Formación básica	60
Obrigatorias	138
Optativas	36
Traballo fin de grao	6
Créditos totais	240



Atractivos e obxectivos do Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural

Este novo grao nace co dobre obxectivo de (a) manter e consolidar as competencias e puntos fortes dunha titulación de carácter interdisciplinar nunha posición estratéxica dentro do campus de Lugo e con características que definen a súa singularidade dentro das titulacións do SUG, e (b) ofrecer unha proposta formativa innovadora que posibilite unha maior e mellor inserción laboral aos futuros egresados, dotándoos de novas e mellores destrezas e habilidades conducentes a unha maior capacidade de competencia profesional no ámbito da produción, xestión e difusión cultural, crecente e prometedor sector dentro do campo da “industria da cultura” e que garante unha plena coherencia co actual programa oficial de Posgrao (**Máster en Servizos Culturais**) que tamén se imparte na Facultade de Humanidades.

Os estudos de Grao en **Ciencias da cultura e difusión cultural** diríxense non só ao estudiantado con vocación polas Letras que desexa unha formación interdisciplinar como base para afrontar un amplo e variado abano de saídas profesionais nos eidos da cultura, senón tamén a aqueles estudantes que,

interesados no mundo da difusión cultural como opción formativa e profesional, buscan un perfil específico dentro deste campo que implique a consolidación dunha firme base cultural. Os futuros graduados obterán unha axeitada preparación, cunhas primeiras competencias que incluírán a formación básica nunha lingua estranxeira e a familiarización cos cambiantes recursos proporcionados polas novas tecnoloxías, para posuíren competencias específicas de acordo con distintos perfís profesionais:

- Docencia en ensinanza superiores ou medias.
- Produción e xestión cultural en institucións públicas e privadas.
- Asesoría e xestión cultural, lingüística e artística no sector editorial.
- Produción e difusión de eventos e contidos culturais (editoriais, internet, cinema, teatro, ficción audiovisual, multimedia).
- Xestión de bens e servizos culturais
- Cooperación intercultural.

ESTRUTURA DO GRAO

Primeiro curso

PRIMEIRO CUADRIMESTRE	ECTS	Carácter	SEGUNDO CUADRIMESTRE	ECTS	Carácter
Historia Antiga	6	Básica	Historia medieval	6	Básica
Pensamento Filosófico e Científico	6	Básica	Xeografía Humana	6	Básica
Antropoloxía	6	Básica	Lingua galega/española	6	Básica
Cultura Grecolatina	6	Básica	Crítica literaria	6	Básica
Idioma moderno I	6	Básica	Lingüística xeral	6	Básica

Segundo curso

PRIMEIRO CUADRIMESTRE	ECTS	Carácter	SEGUNDO CUADRIMESTRE	ECTS	Carácter
Xeografía dos Grandes Espazos Mundiais	6	Obrigatoria	Ética e Política dos Dereitos Humanos	6	Obrigatoria
Historia moderna	6	Obrigatoria	Historia Contemporánea	6	Obrigatoria
Técnicas de tratamento da documentación	6	Obrigatoria	Filosofía e crítica da cultura	6	Obrigatoria
Literatura galega/española	6	Obrigatoria	Historia da Arte I	6	Obrigatoria
Literatura do Idioma moderno	6	Obrigatoria	Idioma moderno II	6	Obrigatoria



Terceiro curso

PRIMEIRO CUADRIMESTRE	ECTS	Carácter	SEGUNDO CUADRIMESTRE	ECTS	Carácter
Historia do Mundo Actual	6	Obrigatoria	Historia da Arte II	6	Obrigatoria
Cibercultura e redes sociais	6	Obrigatoria	Historia de España	6	Obrigatoria
			Socioloxía da Cultura	6	Obrigatoria
Literatura contemporánea (hispanica/galega)	6	Obrigatoria	Comunicación organizacional	6	Obrigatoria
Historia de Galicia	4,5	Optativa	Creatividade da comunicación cultural	4,5	Optativa
Mitoloxía Clásica	4,5	Optativa	Idioma Moderno para a xestión cultural	4,5	Optativa
Identidade cultural e patrimonio	4,5	Optativa	Lingua galega/española no ámbito socio-institucional	4,5	Optativa
Procesos psicolóxicos aplicados á produción cultural	4,5	Optativa	Arqueoloxía e Historia da Cidade Antiga	4,5	Optativa

O alumno cursará dúas materias optativas en cada cuadrimestre.

Cuarto curso

PRIMEIRO CUADRIMESTRE	ECTS	Carácter	SEGUNDO CUADRIMESTRE	ECTS	Carácter
Antropoloxía cultural	6	Obrigatoria	Estrutura do sistema cultural de Galicia	6	Obrigatoria
Ética aplicada á produción e xestión cultural	6	Obrigatoria	Elaboración e análise dos discursos interartísticos	6	Obrigatoria
Difusión cultural	6	Obrigatoria	Traballo Fin de Grao	6	Obrigatorio
Protocolo e comunicación institucional	6	Obrigatoria			
Análise das manifestacións culturais nos medios	4,5	Optativa	Historia Social e Cultural de Europa II	4,5	Optativa
Cine, Televisión e Literatura	4,5	Optativa	Escritura e Documento no mundo moderno e contemporáneo	4,5	Optativa
Historia Social e Cultural de Europa I	4,5	Optativa	Pragmática e Comunicación Intercultural	4,5	Optativa
Literatura Contemporánea do Idioma moderno	4,5	Optativa	Publicidade e Cultura	4,5	Optativa

O alumno cursará dúas materias optativas en cada cuadrimestre.



GRAO EN LINGUA E LITERATURA ESPAÑOLAS

- Dentro da oferta de estudos filolóxicos da USC a Facultade de Humanidades do campus de Lugo oferta desde o curso 2009-2010 o *Grao en Lingua e Literatura españolas*. Trátase do mesmo título de grao ofertado no campus de Santiago que ten un grupo (B) de docencia na Facultade de Humanidades.
- O *Grao en Lingua e Literatura españolas* supón a evolución e a adaptación ao *Espazo Europeo de Educación Superior* (EEES) da licenciatura en Filoloxía hispánica. Mantén unha base de contidos semellantes aos da licenciatura, pero presenta unha estrutura moito máis flexible que permite ao alumno complementar a súa formación básica no estudo rigoroso e científico da lingua e a literatura españolas coa posibilidade de acadar niveis de formación importantes noutras linguas ou en enfoques metodolóxicos transversais.
- Este grao participa de moitas das vantaxes que para o alumno representa o novo sistema de ensino universitario:
 - Estrutura en 4 cursos académicos. Todas as materias son cuatrimestrais.

Docencia cun enfoque moito máis práctico na que as sesións dedicadas a actividades de interacción entre alumno e docente chegan ata o 50% das horas presenciais en aula. Desenvolvemento das capacidades de autoaprendizaxe do alumno, incentivando o traballo autónomo do alumno. Homologación do título dentro do EEES coa implantación do sistema de créditos europeos (ECTS), etc.

- O plano de estudos do Grao en *Lingua e Literatura españolas* ten a seguinte distribución dos seus créditos ECTS:

Tipo de materia	Créditos
Formación básica	60
Obrigatorias	144
Optativas	24
Prácticas externas obrigatorias	0
Traballo Fin de Grao	12
Créditos totais	240

- O grao está estruturado en catro grandes módulos:
- (1) O Módulo de Formación Básica (*MFB*) de 60 ECTS: composto por materias comúns en todos os graos filolóxicos ofertados na USC.
 - (2) O *Maior* de formación específica en Lingua e Literatura españolas: 120 ECTS.
 - (3) O Módulo de formación complementaria (*MCompl*) 24 ECTS: consiste en bloques de catro materias de 6 ECTS que o alumno debe cursar de forma completa para acadar os 24 ECTS do correspondente módulo complementario, permitíndolle a formación nunha disciplina diferente á do *Maior*. O alumno pode escoller o *MCompl* que máis lle interese entre os varios ofertados.
 - (4) O Módulo optativo (*MOpt*) de 24 ECTS permite tres vías de elección:
 - Reforzar a formación obtida no *Maior* en Lingua e Literatura española, cursando un módulo optativo específico de especialización en lingua e literatura españolas.
 - Continuar e ampliar os estudos do *MCompl*. O alumno que decida que tanto o *MCompl* como o *MOpt* estean centrados nunha mesma lingua ou disciplina obterá o recoñecemento dun MINOR no *Suplemento Europeo ao Título* (SET).
- Completar a formación co estudo dunha lingua ou disciplina diferente á do *Maior* e á do *MCompl*.
- Ofrécense tres modalidades básicas para que cada alumno configure o seu curriculum segundo a súa escolla dos Módulos Complementario e Optativo:
- Modalidade Minor: Cursando un Módulo Optativo que sexa continuación do cursado como Módulo Complementario. Xunto coa formación avanzada na disciplina nuclear da titulación que ofrece o *Maior* (120 créditos) o alumno obtén a mención no *Suplemento Europeo ao Título* dun Minor (48 créditos) nunha segunda lingua ou disciplina transversal.
 - Modalidade Maior Plus: Cursando como Módulo Optativo o *Módulo Optativo de especialización en Lingua e Literatura Españolas* (24 ECTS) o que lle permitirá afondar nos seus estudos en lingua e literatura españolas. Deberá cursar, ademais, un dos módulos complementarios ofertados.
 - Modalidade Mixta: Cursando como Módulo Optativo un dos Módulos Complementarios ofertados distinto ao xa escollido como tal.

→ Para cursar o *Módulo Complementario* o estudante no campus de Lugo poderá escoller unha das seguintes opcións:

Denominación	Materias	Créditos	Total
Lingua e Literatura Francesas I	Historia da literatura francesa 1	6	24
	Introdución á gramática francesa	6	
	Lingua francesa 3	6	
	Cultura francesa 1	6	
Introdución ao Estudo da Lingua e Literatura Galegas	Introdución á literatura galega 1	6	24
	Introdución á literatura galega 2	6	
	Introdución á gramática galega	6	
	Historia da lingua galega	6	
Estudos Ingleses I	Lingua inglesa 3	6	24
	Introdución á literatura inglesa	6	
	Introdución á literatura norteamericana	6	
	Tradución directa e inversa (inglés)	6	
Linguas e Comunicación. Aplicacións	Semiótica das linguas e da comunicación	6	24
	Sociolingüística e planificación das linguas	6	
	Pragmática intercultural	6	
	Teoría da tradución	6	
Os Estudos Literarios na Actualidade	Cinema e literatura	6	24
	Traxectorias da literatura europea	6	
	Teorías literarias contemporáneas	6	
	Literatura comparada	6	

→ Segundo a modalidade seleccionada, para cursar o Módulo Optativo no campus de Lugo o estudante poderá escoller entre as seguintes opcións:

(1) *Modalidade Minor*: Dentro desta opción o grupo de Lugo oferta a posibilidade de cursar o *Minor de Estudos Ingleses* facendo como módulo optativo a continuación do módulo complementario Estudos Ingleses I.

Denominación	Materias	Créditos	Total
Estudos Ingleses II	Literatura inglesa 1 (séculos XVIII-XIX)	6	24
	Historia e cultura dos países de fala inglesa	6	
	Técnicas de expresión escrita en lingua inglesa	6	
	Fonética e fonoloxía inglesas	6	

(2) *Modalidade Maior Plus*: Un conxunto de materias concibido como reforzo e ampliación da formación recibida nas materias do Maior de Lingua e Literatura españolas. Se escolle esta modalidade deberá elixir catro das seguintes materias:

Materia	Créd
Variación e cambio na lingua española	6
Español de América	6
Curso monográfico de Lingüística española	6
Ensinanza do español como lingua estranxeira	6
Comentario literario de textos hispánicos	6
Textos de Literatura española 1	6
Textos de Literatura española 2	6
Textos de Literatura española 3	6
Total de créditos optativos ofertados	48

(3) *Modalidade mixta*: Cursando como *Módulo Optativo* un dos módulos ofertados como Módulo Complementario que sexa distinto ao xa cursado como tal.





ESTRUTURA DO GRAO

Primeiro curso

PRIMEIRO CUADRIMESTRE		SEGUNDO CUADRIMESTRE	
Materias	ECTS	Materias	ECTS
Lingüística	6	Teoría e crítica literaria	6
Lingua española 1	6	Lingua española 2	6
Lingua B1*	6	Lingua B2*	6
Lingua C1*	6	Lingua C2*	6
Introdución á historia da literatura española	6	Literatura española medieval: desde as súas orixes ao século XIV	6

* Para cursar as materias Lingua B1 e B2 e Lingua C1 e C2 o estudante pode elixir unha das seguintes opcións: **Lingua francesa 1** e **Lingua francesa 2**, **Lingua galega 1** e **Lingua galega 2**, **Lingua inglesa 1** e **Lingua inglesa 2**, **Lingua latina 1** e **Lingua latina 2**. As opcións elixidas como Lingua B2 e C2 deben ser continuación das cursadas como Lingua B1 e C1, respectivamente.

Segundo curso

PRIMEIRO CUADRIMESTRE		SEGUNDO CUADRIMESTRE	
Materias	Cuarto curso	Materias	ECTS
Lingüística 2	6	Conceptos fundamentais de teoría literaria e literatura comparada	6
Gramática española 1: clases de palabras	6	Gramática española 2: sintaxe	6
Fonética e fonoloxía do español	6	Literatura española do século XVI: prosa e teatro	6
Literatura española do século XV e poesía do XVI	6	Literatura española do século XVII: teatro e prosa	6
Complementaria 1	6	Complementaria 2	6

Terceiro curso

PRIMEIRO CUADRIMESTRE		SEGUNDO CUADRIMESTRE	
Materias	ECTS	Materias	ECTS
Fonética e fonoloxía históricas do español	6	Análise do discurso	6
Literatura española do século XVII: poesía	6	Gramática española 3: morfoloxía	6
Literatura hispanoamericana ata o século XIX	6	Literatura española: Ilustración e Romanticismo	6
Complementaria 3	6	Complementaria 4	6
Optativa 1	6	Optativa 2	6

Cuarto curso

PRIMEIRO CUADRIMESTRE		SEGUNDO CUADRIMESTRE	
Materias	ECTS	Materias	ECTS
Gramática histórica do español	6	Diacronía da gramática e do discurso	6
Lexicoloxía e lexicografía do español	6	Literatura española: das Vangardas ao século XXI	6
Literatura española: do Realismo á Xeración de 1914	6	Optativa 4	6
Literatura hispanoamericana do século XX	6	Traballo de Fin de Grao	12
Optativa 3	6		

Módulo básico

Maior

Módulo complementario

Módulo optativo





Atractivos do Grao en Lingua e Literatura españolas na Facultade de Humanidades de Lugo

Trátase da evolución e adaptación ao *Espacio Europeo de Educación Superior* da actual *Licenciatura en Filoloxía Hispánica*. Ten pois todas as vantaxes formativas e saídas laborais do presente título, ás que engade:

- Unha estrutura flexible que ofrece a posibilidade de complementar o *Maior* en español co recoñecemento no Suplemento Europeo ao Título (*SET*) de estudos de

Minor en Estudos Ingleses

- O *MFB* é común a todos os graos filolóxicos da USC e o *MCompI* e o *MOpt* están confeccionados con materias dos outros graos, ou comúns a varios. Isto favorece que o estudante poida continuar a súa formación ata completar as materias que lle permitan acadar algún dos outros títulos de Grao filolóxicos da USC: Grao en Filoloxía Clásica, Grao en Lingua e Literatura Galegas, Grao en Lingua e Literatura Inglesas, Grao en Lingua e Literatura Modernas.
- O estudante deste grao pode acadar unha serie de competencias e coñecementos que o capacitarán para favorecer a súa integración

na sociedade actual e no seu mercado laboral facendo valer o seu dominio de habilidades de enorme utilidade que son cada vez máis infrecuentes no resto dos titulados superiores:

A capacidade para a lectura crítica e comprensiva.

A síntese de ideas e a abstracción conceptual.

A creatividade e a inventiva na resolución de dificultades e imprevistos.

A elaboración de documentos escritos eficaces.

A competencia en varias linguas.

- Estas competencias adquiridas permitirán que o alumno poida aspirar a ocupar postos de traballo distintos aos tradicionalmente adscritos a titulacións como esta. Algunhas das principais saídas laborais son:

Docencia en ensinanzas superiores ou medias.

Ensinso das linguas e culturas españolas e galegas a poboación non nativa.

Tradución e crítica artístico-literaria.

Asesoría e corrección lingüística en industrias culturais e medios de comunicación.

MÁSTER OFICIAL EN SERVIZOS CULTURAI

A oferta docente da Facultade de Humanidades complementábase cun Máster Oficial Europeo, primeiro programa destas características que foi aprobado para a súa impartición no Campus Universitario de Lugo.

¿Que é un Máster Oficial Europeo?

É o novo sistema oficial europeo de organización académica a nivel posgraduado que ten validez en toda Europa, ademais de no ámbito estatal.

¿Que son os Servizos Culturais?

O programa de estudos en *Servizos Culturais* trata das necesidades reais dunha sociedade como a de hoxe, cultural e socialmente heteroxénea, con amplas capas de poboación excluídas prematuramente do mercado de traballo. No mundo actual necesítanse mediadores entre a creación, a participación e o consumo cultural, así como especialistas en converter o tempo de lecer nun espazo para a formación continua.

O Máster en Servizos Culturais ten como finalidade a formación do alumnado para o desenvolvemento de labores de recuperación, tratamento, conservación e posta en valor de bens culturais de todo tipo. Insírese nun contexto histórico-político actual no cal a industria cultural gaña enteiros

OS PROGRAMAS DE MOBILIDADE NA FACULTADE DE HUMANIDADES

no proceso de terciarización da economía galega e estatal, e diríxese a organismos oficiais públicos e semipúblicos a partir dunha formación interdisciplinar que permite o coñecemento dos aspectos sociolóxicos, históricos, antropolóxicos e lingüísticos.

¿Quen imparte o Máster?

Profesores Doutores que pertencen ao persoal docente da USC, estando prevista a colaboración nalgunhas materias doutros profesionais e especialistas.

Estrutura do Máster en *Servizos Culturais*

O Posgraio dura un curso académico dividido en tres trimestres (60 créditos ECTS en total). Estúdanse catro materias cada trimestre, cursándose sete materias obrigatorias, cinco optativas (unhas e outras de catro créditos) e realízase o *prácticum*, conxunto de prácticas en empresas.

Prácticum:

Dadas as características deste Máster, é precisa a realización dun *prácticum* que supoña o desenvolvemento dos coñecementos acadados e sirva, asemade, tanto para a aplicación profesional como para unha posible investigación posterior. Este *prácticum* supón unha carga de seis créditos ECTS. A Facultade de Humanidades ten asinados acordos bilaterais no Sistema de intercambio entre centros das universidades españolas (SICUE) coas seguintes universidades españolas:

→ UNIVERSIDAD CARLOS III DE MADRID

Funcionan igualmente convenios Erasmus/Sócrates coordinados desde a Facultade de Humanidades asinados coas seguintes universidades estranxeiras:

- UNIVERSITY OF LIMERICK
- UNIVERSITY OF DURHAM
- UNIVERSITY OF HULL
- KING'S COLLEGE - UNIVERSITY OF LONDON
- UNIVERSIDADE DE LISBOA
- UNIVERSIDADE NOVA DE LISBOA
- ERASMUS HOGESCHOOL BRUSSEL
- UNIVERSITÉ DE LIÈGE
- PÄDAGOGISCHE HOCHSCHULE KARLSRUHE
- UNIVERSITÄT LEIPZIG
- BERGISCHE UNIVERSITÄT GESAMTHOCHSCHULE WUPPERTAL
- ARISTOTELEION PANEPISTIMION THESSALONIKIS
- UNIVERSITÀ DI BARI
- UNIVERSITÀ DI ROMA 'TOR VERGATA'
- UNIVERSITÀ DEGLI STUDI ROMA TRE
- UNIVERSITY OF TROMSO
- UNIVERSITATEA DIN CRAIOVA
- UNIVERSITATEA DE VEST DIN TIMISOARA
- NOV BULGARSKI UNIVERSITET, SOFIA.



FACULTADE DE HUMANIDADES
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
CAMPUS DE LUGO
<http://www.usc.es/gl/centros/humanidades/index.jsp>

Para máis información: fhdeca@usc.es
Tel.: 982 285 870
Fax: 982 285 875